



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN, para **INICIAR OS TRABALLOS QUE CONDUZAN A ASUMIR DIRECTAMENTE POLO CONCELLO OS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE LIXO E DE ABASTECIMENTO DE AUGA CANDO EN 2017 REMATEN AS SÚAS CONCESIÓNS.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En 1997, co “popular” Juan Luis Pedrosa na alcaldía, o Concello asinou con Acuagest (agora Víaqua) un contrato para a xestión en réxime de concesión administrativa do servizo de abastecemento de auga no termo municipal pontevedrés. Fixouse unha duración de 20 anos e a súa vixencia remata en marzo de 2017. No Orzamento Municipal para 2016 a cantidade establecida como pagamento á empresa concesionaria é de 5.839.796 euros.

En 1999, en “tempo de desconto” da alcaldía de Juan Luis Pedrosa, o Concello asinou con Cespa (filial de Ferrovial), un contrato para a xestión en réxime de concesión administrativa do servizo de recollida de lixo. Fixouse unha duración de doce anos, e xa foi prorrogado en dúas ocasións (por un trienio cada unha), co nacionalista galego Miguel Anxo Fernández Lores na alcaldía. A súa vixencia remata en xuño de 2017 e no Orzamento de 2016 hai reservada para o pagamento á empresa concesionaria unha partida de 5.846.411 euros.

A estes dous contratos, os de maior importe de cantos ten na actualidade subscritos o concello, hai que sumarlles os das concesións que externalizan a Recadación executiva, a Axuda no fogar, o Mantemento de xardíns, o Guindastre e as Obras en vías urbanas, ata sumar, entre os sete, un importe este ano de 14.889.544 euros.

Esa cantidade representa o 47,13 por cento do Capítulo de Gastos do Concello, que pola súa vez é o máis importante e representa o 43,92 por cento dos 71.915.000 euros aprobados como Orzamento Municipal total en 2016.

Hai un amplo consenso en que, desde posicións progresistas e de aposta polo público, as necesidades básicas non deben estar en mans de empresas privadas que poñen os intereses dos seus propietarios a accionistas por riba dos intereses dos veciños. Mesmo non son poucos os concellos que realizaron xa, ou están anunciando, remunicipalizacións.

Dicía con toda a razón no seu Programa Marco para as eleccións municipais de 2015 a forza política que goberna o Concello de Pontevedra desde hai dezaseis anos: “A alternativa BNG-ASEMBLEAS ABERTAS ten como modelo de referencia a xestión pública dos servizos e o seu modelo responde ao da (re)municipalización dos servizos, mesmo confrontando o corsé legal a que hoxe se ven sometidos os concellos, un aspecto para o que non é menor a necesidade de rematar coa taxa de reposición imposta desde o goberno do Estado español e o combate a normativas legais deseñadas para traballar a prol da privatización, como a recente reforma local”.

No camiño para facer realidade a xestión pública dos servizos básicos, o Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA presenta a seguinte

PROPOSICIÓN:

- 1. Instar á Xunta de Goberno do Concello a facer seu o compromiso de non renovar os contratos de concesión administrativa dos servizos de abastecemento de auga e de recollida de lixo cando en 2017 (en marzo e xuño, respectivamente) remate a súa vixencia.**
- 2. Delegar na Comisión de Economía, ao abeiro do Regulamento do Pleno (artigo 135, apartado 1, letra b: “O pleno do concello poderá delegar nas súas comisións (...) a determinación das formas de xestión dos servizos públicos”), a realización dos estudos técnicos, xurídicos e económicos necesarios para asumir de xeito directo a xestión de ambos os servizos.**

Pontevedra, 2 de maio de 2016

O Portavoz do GM de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez